

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
E A ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE RELATIVO
Á REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS NON LABORAIS NA
RESIDENCIA XUVENIL FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS DURANTE O ANO 2019**

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, en virtude do seu cargo de conselleira de Política Social, para o que foi nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, do normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 e de conformidade có establecido no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

E doutra, a Asociación de persoas con discapacidade de Ourense, e no seu nome e no seu nome D^a María Inmaculada Rafael Ramos con DNI nº 34954906N, en calidade de presidenta da asociación con CIF G32410797 e domicilio fiscal en Rúa Alexandre Bóveda, nº17 Baixo, 32002 Ourense.

EXPOÑEN

Primeiro. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas a dereito privado, ao abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e do disposto no artigo 6 da

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo.- Que a Consellería de Política Social é o órgano da Xunta de Galicia ao que compete levar a cabo, entre outras, a súa política en materia de xuventude e segundo o disposto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, entre as súas competencias está a de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social.

Terceiro. Que a Asociación de persoas con discapacidade de Ourense e a Consellería de Política Social están interesadas en establecer as canles de colaboración necesarias para o apoio ao proceso formativo das persoas mozas con discapacidade, aumentando a calidade dos sistemas de apoio destinados ás actividades de mozos e mozas.

Cuarto. Que a Consellería de Política Social está interesada en apoiar e promocionar o proceso formativo das persoas mozas con discapacidade, contando cos medios necesarios para a realización de prácticas formativas non retribuídas, sempre que sexa compatible coa finalidade das súas residencias xuvenís.

En consecuencia, ámbalas dúas partes acordan as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de persoas con discapacidade de Ourense, en adiante ADO, para a realización de prácticas formativas non laborais na Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense durante o ano 2019.

Segunda. Selección e actividades das persoas usuarias de ADO

1. As persoas que realicen as prácticas formativas non laborais na Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas serán seleccionadas por ADO, cun límite de dez persoas, entre os seus usuarios con idades comprendidas entre os 16 e 45 anos cunha discapacidade intelectual superior a un 33%. Non poderán participar máis de 4 persoas de forma simultánea.

2. As prácticas formativas non laborais estarán especialmente adaptadas ás necesidades, intereses e formación das persoas usuarias de ADO e non deberán interferir nas actividades que desenvolve o persoal da Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas durante o ano 2019.

3. En todo momento, as persoas usuarias de ADO que realicen as prácticas formativas non laborais na Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas estarán obrigatoriamente baixo a supervisión dun/ha técnico/a de ADO encargado en cada momento de realizar a supervisión da actividade formativa das persoas con discapacidade intelectual, adaptando ás tarefas e funcións que o requiran. Semanalmente ADO comunicará á dirección da residencia xuvenil a relación de persoas que realizarán esa supervisión e o sistema de rotación do técnico por usuario.

Terceira. Programa formativo

1. A dirección da residencia xuvenil e ADO concertarán a implementación do programa formativo a desenvolver polos usuarios de ADO na residencia durante os períodos de tempo e coa dedicación horaria que se especifiquen en cada caso. Os períodos formativos por cada persoa será entre 3 e 5 meses, en días laborais de luns a venres, coincidindo co curso académico, exceptuando os períodos vacacionais de Nadal e

Semana Santa, cun sistema de rotación en cada posto por persoa entre 3 e 5 semanas, segundo a duración máxima do período formativo.

ADO deberá comunicar coa antelación mínima dunha semana o número de persoas que realizarán as prácticas formativas na residencia, relación nominal das mesmas e período de realización das prácticas.

2. Os obxectivos e finalidade deste plan formativo son:

- Formar á persoa con discapacidade en todos os contidos relacionados co ámbito laboral e que lle axuden a ter unha vida máis autónoma.
- Apoiar no posto de traballo, hasta que a persoa en prácticas se atope funcionalmente adaptado ao posto.
- Realizar un seguimento da persoa en prácticas, a entidade e a familia durante o proceso de inserción.
- Realizar tarefas de difusión e sensibilización social do proxecto.
- Cualificar profesionalmente ás persoas usuarias de ADO mediante o plan formativo específico da asociación, paralelo á formación práctica. Axudar a mellorar a calidade de vida e a autonomía das persoas con discapacidade facilitándolle a formación complementaria para medrar persoal e profesionalmente.
- Sensibilizar á sociedade da necesidade de facilitar, fomentar e propiciar a inserción laboral e social das persoas con discapacidade.

3. Os períodos de prácticas formativas estarán suxeitos ao funcionamento regular da residencia. As persoas usuarias de ADO que realicen as súas prácticas formativas na residencia deberán respectar e cumprir en todo momento as normas de réxime interno do centro e non interferir ou alterar o normal desenvolvemento da convivencia no centro. As prácticas formativas as realizarán nos postos de auxiliar de cociña e ordenanza.

Por parte da Consellería de Política Social, a dirección da Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas realizará a tarefa de seguimento das prácticas formativas das persoas usuarias de ADO.



4. ADO comunicará ao órgano competente en materia laboral a relación de usuarios que, en cada período de tempo, estean realizando actividades formativas na Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas.

Cuarta. Póliza de seguro

En todo caso, ADO subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polos alumnos e alumnas que realicen as prácticas formativas na residencia xuvenil

Quinta . Relación contractual

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Xunta de Galicia e os alumnos e alumnos seleccionados por ADO.

Sexta. Comisión de seguimento

1. Constitúese unha comisión de seguimento e control, que levará a cabo o seguimento do presente convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan presenta.

2. A comisión estará composta por un representante de cada unha das entidades asinantes do convenio. A referida comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ou persoa que a substitúa. e actuará como secretario/a un/unha funcionario/a do Servizo de Xuventude e Voluntariado da Xefatura territorial da Consellería de Política Social de Ourense.

Sétima. Vixencia do convenio

A vixencia do presente convenio será dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, os efectos do convenio iniciaranse o 1 de xaneiro de 2019.



Oitava. Resolución do convenio

O presente convenio extinguirase por expiración do tempo convindo e poderá rescindirase por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas baseada nalgunha das seguintes causas:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio, inadecuación das prácticas formativas.
- c) Mutuo acordo, adoptado polas partes.

O incumprimento das cláusulas establecidas no convenio permitirá á parte perxudicada solicitar la rescisión do convenio.

Novena. Natureza do convenio

O presente convenio terá natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Tramítase en cumprimento do disposto nos artigos 4 e 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación supletoria os principios inspiradores da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, sendo competente a xurisdición contencioso-administrativa para coñecer de todas aquelas cuestións litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

Décima. Publicidade

1. As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. O convenio quedará sometido en canto a publicidade do mesmo ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Un décima. *Protección de datos de carácter persoal*

Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.


A fin de darlle a publicidade esixida ao convenio, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na cláusula décima do presente convenio a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou reiterar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na

normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.


E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan por triplicado exemplar o presente convenio no lugar e data arriba indicados.

A conselleira de Política Social



Fabiola García Martínez

A presidenta da Asociación de persoas
con discapacidade de Ourense


María Inmaculada Rafael Ramos